

**OBRA** Eduardo Estévez edita de xeito artesanal 'Os veos da paisaxe' no que recupera "a paisaxe perdida"

# Tempos de pensar a ausencia

**Elaborou o poemario o ribeirés Antonio Piñeiro dentro da colección Bourel de libros feitos a man**

V. Oliveira · Santiago

"A néboa transforma o evidente en suxestións, en construtos imaxinarios, é como a simulación da poesía: esborranha a realidade e permítenos reconstruíla cos nosos propios ollos." Así reflexionaba hai uns meses nunha entrevista de Lupe Gómez en GALICIA HOXE o escritor Eduardo Estévez que vén de publicar dentro da Colección Bourel –dirixida polo ribeirés Antonio Piñeiro– o poemario *Os veos da paisaxe*. Unha edición de 80 exemplares cosidos e montados a man, numerados e asinados, cada un con 5 fotografías distintas da serie.

"É un libro que leva escrito moitos anos, que tivo varias edicións en formatos dixitais e boa parte dos poemas están colgados na web, pero é a primeira vez que

se publica en papel porque quixen que como libro obxecto trascendese á edición en papel estándar", apunta o poeta.

**"Cada exemplar é un obxecto único con entidade artística"** Segundo indica, o emprego de imaxes ao lado dos textos ten que ver coa filosofía destas edicións artesanais. "A serie de fotos que tirei foron sacadas pensando como dialogan co libro. Ademais, que en cada libro sexan distintas responde a que cada exemplar é un obxecto único con entidade artística", asegura o autor.

A néboa, que constitúe o elemento central tanto dos poemas como das fotografías, está vencellada con dous puntos de vista que, ao seu parecer, está vencellada "con dous puntos de vista que poden resultar contradictorios pero que son metáfora da mesma cousa".

Por un lado, "cando produces un obxecto artístico, deitas unha mirada, un veo para transformar a realidade, e deste xeito serve mellor de canle para expresarte". Porén, de forma inversa, "eliminas os veos entre a ollada e o texto para

poder ver a paisaxe". Unha dobre interpretación na que subxace a melancolía do perdido. "Son tempos/de pensar a ausencia", escribe Estévez.

"Esa paisaxe, detrás dos veos, é un lugar perdido. De aí que escriba como un exorcismo para recuperala, como unha maneira de fixar esa paisaxe perdida", apunta. "O libro –engade– é unha metáfora da orixe, non da infancia, senón das cousas que se perden e xa non volven".

Afastado da polémica do Premio González Garcés que lle foi concedido e logo retirado, Eduardo Estévez continúa escribindo poesía en varios blogs e páxinas web como [www.luagris.net](http://www.luagris.net) ou [mirarparaestelado.blogspot.com](http://mirarparaestelado.blogspot.com). Ademais, colabora co portal [www.culguragalega.org](http://www.culguragalega.org) na sección 'Esca e pedra'.

O proceso consiste en que cada semana entra na Galipedia, preme "páxina aleatoria" e, a partir do artigo que saia en cada ocasión, escribe un poema.

Así até completar 30 textos. "É un exercicio literario complexo pero está tendo resultados satisfactorios", conclúe. ●



O escritor Eduardo Estévez naceu en Bos Aires

## DATOS

### Ten numerosos libros premiados

Nado en Arxentina, Eduardo Estévez chegou a Galicia en 1995. Foi membro dos consellos editoriais de Letras de Cal e Retagarda Edicións. Entre outras, publicou obras como *Só paxaros saíron desta boca*, que recibiu un accésit

do Premio Miguel González Garcés, *Lúa gris*, finalista do premio Tivoli Europa, *Caderno apócrifo da pequena defunta*, XV Premio de Poesía Eusebio Lorenzo Baleirón, ou *Derrotas*, VI Premio de poesía Concello de Carral.